



«A bata,
ben limpa
e curiosa»

profesionalidade

«Os petos
da bata,
grandes»

emotividade

«Orellas para
escoitar»

atención

«Para falar,
línguas»

comunicación




USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

FACULTADE DE MEDICINA
E ODONTOLOGÍA

COMISIÓN
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA



a boa
medicina





A boa medicina

A boa medicina precisa de profesionalidade, mais tamén de doses importantes de emoción, escucha e comunicación.

Necesitarás seguir aprendendo ao longo da túa vida. Cumprirache escutar as mestras e mestres con que te atoparás no teu devir sanitario; prestar atención a descripción dos síntomas que fan os doentes; preguntaralles para afondar; redactar informes e artigos; falar para expoñer, diagnosticar, prescribir, aconsellar, dar boas novas, consolar...

Para iso necesitamos as lingua s. Todas as lingua s serven igualmente para estruturar e expresar os nosos pensamentos e ideas, e para comunicarnos. No mundo interconectado de hoxe cómpre entender e expresarse en varias lingua s, nomeadamente as lingua s das comunidades en que vivimos.

En Galicia hai dúas lingua s oficiais, galego e castelán. O galego é lingua propia da Universidade de Santiago, segundo os nosos Estatutos. Na docencia, nas aulas, nas prácticas, no hospital e nos centros de saúde atoparás profesorado, alumnado, persoal sanitario e doentes que teñen o dereito de utilizar libremente calquera das dúas lingua s. E ninguén ten a obriga de cambiar de idioma, galego ou castelán, nin sequera nas actividades académicas.

Se vés de fóra, a USC ofréceche facilidades: os cursos de lingua galega para non galegofalantes, a aprendizaxe por parellas, recursos... E o profesorado e os teus compañeiros e compañeiras van axudarte.

Di «graciñas» e recibirás agradecemento. Ti tamén podes corresponder, esforzarte un pouquiño. Interésate polo galego, na facultade e na cidade. Non teñas medo de aprender unha nova lingua, e menos o galego: é moi parecida á túa e descubrirás —xa estás descubrindo— que podes entender moito máis do que cres, máis áinda tendo unha formación universitaria! Entender unha lingua nova non che vai quitar a túa.

E pide que che falen en galego, explica que queres aprender, que non te exclúan. As galegas e galegos, a custa de perder o noso propio idioma, somos moi dados a falar en castelán en tanto hai alguén de fóra ou pensamos que non nos entenden. E por que non habías entendelo cun pouquiño de axuda?

Se es do país, ánda que non fales galego adoit o, enténdelo seguro. Respecta as persoas que queren exercer o seu dereito a expresarse en galego, non o fan por amolar a ninguén. Lembra que a Facultade de Medicina da USC é a única do mundo en que se pode usar a nosa lingua, non perdamos esa riqueza.

E ti, que es galegofalante, acolle os teus compañeiros e compañeiras de fóra na nosa lingua, axúdaos con respecto e cariño, usa os teus dereitos, alimenta a comunicación, contribúe á diversidade.



**a boa
medicina**

